



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS
DENTAIS DE GALICIA

3 de maio de 2022

REXISTRO SAÍDA Nº 129

CIRCULAR INFORMATIVA Nº 7/2022

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2022

1.- PRIMEIRA EDICIÓN DO MASTER MODULAR DE PRÓTESE DENTAL EN CAD CAM. ANALÓXICO E DIXITAL

O Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia cos obxectivos de reforzar a aposta pola formación como factor clave para o desenvolvemento persoal e profesional, tanto dos recién titulados como dos profesionais en exercicio, así como para dar resposta ás demandas dos centros de traballo organiza conxuntamente co centro Big Formación de Ourense o **I Master Modular de Prótese Dental en CAD CAM. Analóxico e Dixital** que se configura como un título oficial que posúe unha marcada orientación laboral e práctica, favorecendo o deseño curricular dos alumnos e a empregabilidade.

A primeira edición do Master impartirase no Centro Big Formación de Ourense e contará cunha duración de **dez meses**, comprendidos entre os meses de **setembro de 2022 a xuño de 2023** e está orientado principalmente a estudantes e profesionais titulados en Prótese Dental.

Co **Master Modular de Prótese Dental en CAD CAM. Analóxico e Dixital** pretendese contribuír a que os novos titulados e os profesionais de Galicia obteñan unha mellor preparación e como consecuencia disto os laboratorios sexan máis competitivos nunha realidade sanitaria, social e económica que así o exige, tendo como obxectivo principal visualizar e transmitir os principais aspectos da fabricación da prótese dental, tendo como obxectivo principal de ofrecer ao alumnado unha formación especializada e profesional de **carácter teórico-práctico** para o desenvolvemento profesional da actividade, outorgando competencias profesionais que lles permita a execución da actividade de protésico dental de forma autónoma. A tal efecto que será 100% presencial ofrece una metodoloxía eminentemente práctica, cun soporte teórico baseado sempre nos últimos avances do sector. Cada módulo formativo combinará clases teóricas con clases prácticas.



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

En consecuencia, os contidos e a metodoloxía empreadana impartición deste **Máster Modular de Prótese Dental en CAD CAM. Analóxico e Dixital** revélanse idóneos tanto para ofrecer a capacitación profesional esixida para acreditar que se posúen os coñecementos, competencias, técnicas e destrezas necesarias para o desenvolvemento da profesión de protésicos dental, como para favorecer o emprego dos titulados, nas súas diversas modalidades: emprego autónomo, colaborativo ou por conta allea, etc.

O Master conta cun total de **8 módulos** sendo os módulos os seguintes:

Módulo 1: Obtención de modelos dixitais. Relacións intermaxilares e montaxe de modelos en articulador

Módulo 2: Modelado analóxico e dixital en articulador. Determinantes da morfoloxía oclusal.

Módulo 3: Próteses completas dixitais. Análise dixital estética e funcional do sorriso.

Módulo 4: Estruturas en rehabilitacións totais: próteses híbridas, sobredentaduras, metal-cerámica e circonio

Módulo 5: Estética en rehabilitacións totais: solucións dixitais. Composite

Módulo 6: Estética en rehabilitacións totais: solucións dixitais. Cerámica

Módulo 7: Estética en rehabilitacións totais: solucións dixitais. Circonio

Módulo 8: Placas de descarga dixitais. Impresas e fresadas.

MÁIS INFORMACIÓN DE INTERESE:

Equipo docente: Para a impartición dos diferentes módulos do Master a carga docente recae nos seguintes profesionais, técnicos especialistas en Prótese Dental, D. José María Fonollosa Pla, D. Sergio Guirao e D. Jorge Reyes. Así o profesorado estará integrado por profesionais da prótese dental no seu 100%, se ben o equipo docente pode sufrir algunha variación en determinadas materias, atendendo aos seus contidos impartidas igualmente por titulados en prótese dental.

Curso bonificable por traballadores por FUNDAE

Prazo de preinscrición e matrícula: Aberto o prazo de matrícula

Prezo: Tarifas especiais para estudantes, pre-colexiados e colexiados.

- Estudantes, pre-colexiados e colexiados: **3.500 €**
- Profesionais: **4.000 €**
- Posibilidade de **fraccionamento do pago en 10 cotas sen intereses.**



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

Máis Información e Inscripción:

- **Teléfonos:** 653 221 335 e 654 825 395
- **Mail:** cpr@bigformación.com
- **Web:** www.bigformacion.com

2.- CURSO DE MODELADO ANALÓXICO E DIXITAL EN ARTICULADOR

O Centro de Formación Big Formación conxuntamente co Colexio organizará a celebración do **Curso de Modelado Analóxico e Dixital en Articulador**, segundo dos módulos que conforman o **Master Modular de Prótese Dental en CAD CAM. Analóxico e Dixital**.

O Curso terá lugar os vindeiros días **8 e 9 de xullo de 2022**, terá unha duración de **12 horas** e será impartido no Centro de Formación Big Formación de Ourense

O Curso contará cos seguintes contidos:

- Oclusión funcional óptima e esquemas oclusais dinámicos
- Determinantes da morfoloxía oclusal
- Montaxe de modelos en articulador e a súa programación
- Morfoloxía dentaria baseada na oclusión. Técnicas de modelado
- Modelado analóxico en articulador
- Conceptos e técnicas de modelado dixital 3D
- Modelado dixital 3D

Prácticas do alumno

- Montaxe de modelos en articulador analóxico
- Modelado por adición sector anterior e posterior en articulador
- Importación de arquivos para montaxe de modelos en articulador dixital
- Modelado dixital 3D

Material que debe traer o alumno

- Espátulas de modelar
- Articulador semiaxustable
- Espátula e taza de xeso
- Ordenador portátil

MAIS INFORMACION DE INTERESE

Prazo de preinscripción e matrícula: Aberto o prazo de matrícula

Prazas limitadas

Modalidade presencial



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

Prezo: Tarifas especiais para estudantes, pre-colexiados e colexiados.

- Estudantes, pre-colexiados e colexiados: **475 €**
- Profesionais: **550 €**

Máis Información e Inscripción:

- **Teléfonos:** 653 221 335 e 654 825 395
- **Mail:** cpr@bigformación.com
- **Web:** www.bigformacion.com

NOTAS IMPORTANTES:

- A realización do Curso de Modelado Analóxico e Dixital en Articulador convalida a realización do segundo módulo do Master Modular Teórico Práctico en Prótese Dental
- A todos aqueles alumnos que realicen este curso e posteriormente se matriculen no Master Modular Teórico Práctico en Prótese Dental seralles descontado o importe do curso do prezo final do Master.

Un saúdo
Avelino J. Sanmartín Caamaño
Presidente do C.O.P.D.G.

